

Eli Ríos: Unha escritora contraria a todo tipo de etiquetas

Carlos Loureiro Rodríguez Febreiro 2015

<https://www.noticieirogalego.com/eli-rios-unha-escritora-contraria-a-todo-tipo-de-etiquetas/>

Eli Ríos (Londres, 1967). A súa primeira obra poética publicada foi *nós escoitando o badalo de Marienplatz* (2010), acreedora do XII Premio de Poesía Concello de Carral. No mesmo ano, o poemario *Rúa da Cancela*, acadou o premio IV “Certame de poesía erótica Illas Sisargas”. A súa última obra poética publicada foi *Diario de fotogramas* (2014). Dentro de tres meses, sairá á luz *Doe tanto a túa ausencia*, poemario gañador do XVIII Certame de Poesía Francisco Añón. Recentemente acaba de gañar o “Premio Modesto R. Figueiredo. 2014” coa obra *Remexido de patacas* e tamén o “XII premio Pura e Dora Vázquez de Narración” coa obra *Bicha*.

Prezada Eli: Inglaterra, Portugal e finalmente Galiza... mesmo semella que seguiches os pasos reais que os nosos mestres do Grupo Nós fixeron de maneira intelectual... Que supuxeron estes espazos para ti e para a túa obra literaria?

De Londres vin moi noviña así que gardo pequenos anacos na memoria e algunhas manías como poñer primeiro o leite, do tempo, na cunca e logo o té e pouquiño máis.

A lusofonía si foi determinante tanto na miña vida como na literatura porque me abriu non só a mente senón tamén as perspectivas. Desde a linguaxe até as experiencias, persoas que forman parte do meu cotián ou novas formas de entender o mundo. Así que, cando regresei á casa, supuxo o asentamento, convencido e reflexionado, de manter o aprendido e aplicalo no día a día. Ollarte a ti mesma noutros contextos é un exercicio ben enriquecedor para bater de fociños cos prexuízos que levas na túa formación. Por exemplo, a imaxe mental que a xente occidental temos da África. Cando veu unha amiga caboverdiana coincidiu co San Xoán. Na Coruña é unha festa ben grande. Pois a miña colega estaba emocionadísima e o non paraba de repetir que se sentía como cando era nena e vivía na aldea porque agora nas cidades de Cabo Verde xa non se festexaba con fogueiras. Resulta curioso cando che aplican a ti o conto.

Xa estamos un tanto afeitos á precocidade na nosa literatura, algo que no teu caso parece que non é tal ou é que antes de vermos a túa obra xa esta tiña vida oculta?

Na vida acostumo estar en contra das etiquetas porque o único que fan é limitar a visión xeral do conxunto. Acontece que cando leo, por exemplo, un verso de Chus Pato non son quen de poñerlle unha idade. Non é moderna? Ou pola súa poesía non pasan os anos? Ou quizais é que ten un pacto co demo e sabe escribir nas diferentes “xeracións” poéticas polas que foi pasando?

A miña obra parte deste razoamento. De verdade que a quen lle importa algo cantos anos teño? Iso provócalle algunha incapacidade para ler? Precisamos de saber cal é o número do calzado de quen escribe para que un verso nos faga sentir? As obras poéticas, teñen como indicaches no comezo desta entrevista, unha data de publicación. Elas viven por si soas sen contar comigo. Desde que saen publicadas xa non son miñas, son da persoa que le.

Até os anos oitenta non comeza a se amosar claramente a temática erótica na nosa poesía, ao mellor por razóns sociais... Con todo, aínda hoxe non é algo que estea moi presente, salvando casos puntuais coma ti, Yolanda Castaño... Por que este espazo temático aínda non está tan presente se a fin de contas a poesía e a expresión íntima da persoa?

Hai moita poesía erótica pero non ten visibilidade. Por que? Imaxino que porque nos falta moito por normalizar. Falar de sexo se non é para algún chiste moi besta aínda produce escándalos. Xa nin che conto se é homosexual! Somos xente moi evolucionada cando falamos de smartphones ou computadores pero a educación xudeico-cristiá-occidental-heteronormativa non a damos quitado de enriba. A min cústame comprender as persoas que se cren con dereito a entrar na túa casa, opinar sobre o que fas na túa cama e, por riba xulgar, se está ben ou mal. Igual, esas persoas que posúen a verdade universal- e que parece que ten máis peso que a dos demais- deberían facer visitas guiadas á súa cama e aló imos con cadernos tomar apuntamentos. E isto que parece un desvarío aplícase á poesía. Parece surrealista pero en pleno século XXI un poemario erótico de Verónica Martínez Delgado foi cualificado de “cocho”! E, mentres, non espiollemos todos os prexuízos morais desta educación a poesía erótica non terá un lugar normalizado nos estantes das bibliotecas e das librarías.

Que pensas falando desta temática do que deixou escrito Octavio Paz: “*Erotismo e poesía: o primeiro é unha metáfora da sexualidade, a segunda unha erotización da linguaxe*”?

Prefiro o erotismo sen metáfora da sexualidade, para que negalo? A sexualidade é algo natural e a poesía ponlle palabras que non sempre teñen que ser eróticas. Nunha presentación que se fixo na librería Paz de Pontevedra cos textos gañadores do Certame Erótico Illas Sisargas, os autores R. Neto e Verónica Martínez Delgado mostráronnos que unha mazá, unha mesa, unha escena dunha película,..., todo pode ser erótico! Para erotizar a linguaxe non fai falta ir á lúa e volver.

E seguindo con isto, cando escribes, escribes pensando soamente en ti ou no lector? Dicimos isto porque ao mellor ocorre como o que deixou escrito Césare Pavese: “*escribir poesía é coma facer o amor: xamais se saberá se a propia alegría é compartida*”...

A estrutura do libro, o ritmo, a linguaxe,..., todo sempre o escribo pensando na persoa que le. É un xogo no que é tan importante a escrita como a recepción. E non coincido con Pavese. Volvemos ao de antes: para min esa frase non é máis do que unha simple exaculación machista, heteropatriarcal totalmente. Se non podes saber o que sente a outra persoa cando tés sexo con ela demostra ben pouca capacidade de empatía e creo que iso ten outro nome: onanismo. E isto éche o mesmo coa poesía: se non hai un diálogo coa xente que te le mellor dedicarse a outra cousa.

Nestes intres falar de Eli Ríos é falar de premios literarios...

Ui! Non! Se lle preguntas á miña rapazada verás como non, se lle preguntas ao meu xefe verás como tampouco. Os premios literarios é unha parte visible que sempre é moi agradecida porque coñecín xente fantástica como Carme Carreiro do Lueiro Rey, Marieta Lueiro, Mari Carme de

Sotelo Blanco, Carlos Lorenzo do Concello de Carral, Santi de Outes,... Podería seguir porque a lista é inmensa. Permiten chegar a quen le en recintos como feiras do libro e iso é o increíble dos premios. De feito, na “Feira do Libro de Vigo” coñecín un lector, José Luis, que acabou presentando *Anamnese* xunto con Ramón Nicolás.

Non vou ser hipócrita e dicir que os cartos non importan. Claro que si! Todo o mundo cobra polo traballo que fai porque lle dedica tempo e esforzo. Nós tamén. Un poemario non se escribe só (polo menos os meus non) nin en quince minutos. E a publicación nos tempos que corren é fundamental. De feito o “Iº Premio de Poesía Figurante” non ten dotación económica e si publicación e de aí saíu *María* con esa edición que é unha obra de arte. Pero tamén está a satisfacción persoal. Cando consigues que todo se conxugue nun libro é un momento máxico. Todos os factores acaendo no momento preciso: ilustración, edición, texto... E esas partes teñen xente por tras que está contigo, traballando contigo, apostando polos teus poemas. Iso é fantástico!

No ano pasado acadaches o “II Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey” coa obra *Anamnese*. Sabemos que esta palabra está moi relacionada coa medicina, coa terapia médica... Trátase realmente dunha obra poética de tipo intimista?

Depende de como a queiras ler ti. Esta é unha das miñas obras máis poliédricas. Nunca, en ningún momento describín o proceso de escrita porque non quero contaminar a lectura. Con este poemario teño unha relación moi especial porque me achegou a moitas persoas que me contaron a súa interpretación e aínda non escoitei ningunha repetida! Se quixese escribir as miñas opinións faría un ensaio. En *Anamnese* o que me interesa é que quen está do outro lado da páxina constrúa a súa propia historia.

A que te referías cando cualificaches a esta obra como “*moi borgiana*” en contraposición aos grandes filósofos da historia da filosofía? E Freud non terá nada que ver?

No prólogo xa Ramón Neto vai deixando caer algunha “pista”. Borges ten unha obra moi extensa sobre as súas reflexións temporais. O tempo só ten unha dirección? Se recordamos algo existiu de verdade ou o tempo fixo os seus cambios nas nosas lembranzas? Son todas preguntas que andan dando voltas nos versos. E, como comentabamos antes, depende da lectura que fagas vas ancorar nun porto ou noutro diferente.

E tras escribires esta obra transfíreslle o eu poético a María Soliño na obra *María*. Por que trataches de dignificar a esta heroe, por ela como personaxe ou ben pola muller en xeral?

Esta obra nace da rabia de saberme presa na historia contada desde un punto de vista patriarcal. Encontrei moi poucos exemplos nos que se lle dese voz a María Soliño a pesar de ser quen sofre, quen vive esta experiencia, de ser a protagonista. E por cima o que nos chega é dunha forma tan condescendente coa pobre tola que está soíña... Non estaba soíña! Foron nove mulleres nese proceso! Nove! Nin unha nin dúas nin tres... nove! E aí seguimos en pleno século XXI cos eufemismos: ás mulleres non as asasinan, morren; as mulleres non acostuman ter nome nas noticias- ou son un número das tantas que morren ou son a muller do presunto asasino-,... Paréceme increíble que lle dediquen unha semana de interese informativo a 17 persoas que morren en París (que ten a súa relevancia trágica) pero que morran 56 mulleres é a entradiña no telexornal cando non hai nada máis “interesante” que contar!? Cambiamos leis e facemos reunións de xefes de estado cando morren 56 mulleres? Así que si, primeiro escribina por min mesma e logo por crear esa distopía que a todas nos gustaría ter de poder volver ao pasado e reescribilo para comezar de novo con bo pé.

Loxicamente o teu compromiso como muller non podía quedar de lado e tiña que se amosar na túa poética...

As palabras, todas, teñen un significado. E, desde esa consciencia, as persoas que escribimos debemos ter unha certa capacidade analítica e reflexiva sobre o que queremos transmitir. Nisto o xénero non vén dado, non é algo que naza contigo como un pulmón ou un fígado. Se falamos, por exemplo, de Carlos Negro verás que o compromiso como muller non se asocia a un sexo físico determinado. A poesía non son máis que palabras con significado dispostas graficamente dunha maneira determinada e cun proceso reflexivo por tras. Cada quen ten o seu. No meu caso acontece o mesmo.

E aquí teríamos que falar da revista “A Segra”... Aínda cómpren revistas e foros como pode ser esta revista ou antes a “Festa da palabra silenciada” e outras...? E dicimos isto porque nestes intreos a poesía galega de autoría feminina está nun momento realmente álxido...

Non só cómpren senón que son necesarios e imprescindibles. Primeiro, si é certo que hai unha grande produción tanto de poesía como de narrativa, ensaio, banda deseñada e demais feita por mulleres pero... onde están as reseñas sobre estas obras? onde están os premios a estas obras? onde se recollen as opinións das autoras? Por cada crítica feita sobre un poemario escrito por unha muller contas 49 feitos por homes. Non hai máis que ir a unha lista dos libros máis vendidos e contar. Os números non enganan. E é algo lóxico: se eu son home criado na cultura patriarcal teño comigo unha serie de principios e ensinanzas que me achegan máis a un texto que a outro. Polo tanto recomendo unha lectura que me guste. E o que me agrada é un tipo de lectura que non me estea a dicir o tempo todo que non está ben iso de que só por ser home teñas dereito a que a túa xornada laboral sexa até as sete da tarde e a túa muller reduza os seus ingresos para ir recoller os nenos ao colexio e lles dea a merenda, por poñerche un exemplo. Ou que a túa muller se sinta menos querida por ti porque non pasou pola tortura de arrincarse os pelos das pernas só para que vexas que atractiva está coa saia cando ti nin te plantexas facer o mesmo por ela.

Segundo, derivado disto os lugares onde se fan reflexións sobre as obras, desde un punto de vista literario, están moi limitados. E na “Segra” o que facemos é visibilizar e dar voz ás autoras e ás súas obras. Desde a sinceridade, non como un indicador de vendas ou amizades, senón que se un libro nos parece que aporta algo dicímolo, se outro nos parece que ten algún aspecto co que non concordamos pois tamén porque de aí é de onde se aprende. Incluso ás veces estamos en discordancia coa reseña dunha compañeira e facemos comentarios en restras ofrecendo todas as versións porque todas temos unha opinión que non pode ser silenciada. E sabes por que o conseguimos? Pola horizontalidade. Cando as compañeiras estamos tirando todas da mesma carreta cun obxectivo común aí non hai ninguén que teña máis peso ca outras, nin que a súa opinión conte o dobre do que as outras. E cando estás disposta a abrir as orellas, e aprender de quen anda o camiño no mesmo paso, é cando saen adiante propostas tan fermosas e enriquecedoras como a “1º Día das Galegas nas Letras” (entre outras moitas).

Sempre temos escoitado que escribir poesía é un pracer, é un desafogo... e vés ti e disnos que “escribir poesía é duro, un traballo solitario de moito tempo...”

E haberá de todo, digo eu. No meu caso, séntome diante do computador e podo pasar tres ou catro anos escribindo un poemario. Solitario e de moito tempo. Imaxino que outras persoas serán capaces de facer versos nun bar ou en grupos. Pero isto pasa en todo: hai quen é capaz de cantar no medio do bus e outra xente que só o fai na ducha. Vai co carácter da persoa.

E xa metida en premios, vas e mergúllaste na narrativa breve e gañas o “Premio Modesto R. Figueiredo” coa obra *Remexido de patacas...*

Foi unha auténtica sorpresa. Colleume totalmente desprevenida. O texto é moi recente (como poderedes comprobar por algunhas referencias que hai) e fáltalle o proceso de pouso así que aínda estou algo desconcertada. Quería probar e experimentar coa narrativa breve e aló me botei. Vai ser curioso porque relerei e valorarei ao mesmo tempo que a xente que se achegue a el. Teño moita intriga en saber como se desenvolve isto.

O chocante é cando baixa a adrenalina e asumes que foi lido por Armando Requeixo, David Otero, Antonio Reigosa, Isidro Novo e Anxos Sumai. Aí é cando todas as dúbidas, temores e terrores se alían para anoar o estómago e a vertixe pasa a ser unha compañeira dos nervios.

Poderías adiantarnos algo verbo do contido desta obra?

Algunha vez sentiches que había algo errado na túa vida e sen saber como nin por que a solución aparece diante do teu fociño? Lembras como foi ese momento? Se respondes si, encontraches a trama do texto.

Está o futuro da nosa poesía no virtual ou simplemente debese ser un complemento para a súa universalización?

Son formatos diferentes. Para min é unha escolla persoal de quen crea. Se a ti che poño un viño feito na casa por calquera que non teña experiencia neste sector pero cho meto nunha botella de “design” e o acompañamento dunha reportaxe feita pola BBC e uns certificados “cool”... seguramente non teñas a mesma opinión que se cho poño nunha cunca de toda a vida. Pois iso, o formato tamén importa para a literatura e haberá textos que se dean mellor no virtual e outros no papel. Para min complementáanse. Sonche capaz de comer un rixóns deconstruídos como enriba dun anaco de broa.

E claro, vista a experiencia... para cando teatro?

Se o soubera igual cambiaba de profesión e me dedicaba a predicir o futuro... Non o sei. Gústame pero cada xénero ten a súa técnica e hai que traballala e dominala. Non é este o caso.

Si fixen no poemario que se presenta en maio, en *Doe tanto a túa ausencia*, un xogo parateatral porque me interesa a mestura de xéneros e cómo isto condiciona ou enriquece a poesía pero a base estrutural e indubidable segue sendo a poesía.

Sabemos que nos teus baúis están agardando novos poemarios para veren a luz. Podes adiantarnos algo ou ben teremos que agardar ao resultado dalgúns premios poéticos?

2014 foi un ano moi produtivo tanto a nivel de escrita como de recoñecemento pero hai que ser realistas: non se volve dar outra situación igual. Os premios teñen moitos factores que axuntan na decisión final. Date conta que non todos opinamos igual e poñer de acordo a catro, cinco ou seis persoas é complexo. E máis no nivel poético que temos aquí. Os textos que saíron nestes certames pasados non foi envialos e gañar. Non é así de sinxelo. Xa tiñan algún “non” para a súa publicación antes, xa foran a algún certame,... Coñezo moi pouca xente que se presente a un e gañe á primeira e esas persoas xa xogan noutra liga. Isto fai mellor ou peor un texto? Non. Simplemente que cando te presentaches había outro poemario mellor que o teu e iso sempre é un motivo de alegría porque sabes que, en breve, poderás ir á librería e ler un libro que che faga sentir. Polo tanto, si tentarei que vexan a luz pero se non saen tampouco pasa nada que hai moita xentiña que non deixa esmorecer a poesía galega.

Que temáticas che quedan por explorar ou ben que che gustaría explorar?

Sonche como o parte das nove: depende do momento e da actualidade. Igual hoxe preocúpame a corrupción como mañá as policromías da Catedral. Calquera temática que me aguilloe a curiosidade é boa para poetizar.